

Ola nenos e nenas e familias!

Despois de que fixerades o instrumento e o voso pentagrama persoal, déixovos algunhas tarefas máis de repaso.

Nas primeiras páxinas, fálovos sobre as sensacións que nos pode dar unha imaxe e unha peza de música.

Nas seguintes páxinas, redescubrimos o piano e onde se atopan as súas cordas.

Por último, imos crear o noso propio teclado de papel, imitando ao piano.

Todo o que fagades podédesmo enviar ao correo electrónico, poñendo no asunto "Nome, apelidos e curso":

olallaperez@cpiares.com

Agardo que vós e as vosas familias esteades ben.

Saúdos, mestra Olalla.

Ola a todas e todos!

Que tal estades? Como vos sentides?

Esta semana quero que pensesdes nunha emoción:
o AMOR.

Mirade a seguinte imaxe:



- Que seres vivos aparecen?
 - Onde están a maioría dos paxaros?
 - Onde están os demais? Cara onde se dirixen?
 - Porque van cara ese lugar?
 - Pensas que preferirían estar sós? Que cres que lles atrae da árbore?
 - Cres que se senten contentos os paxaros? Por que?
 - Gústache compartir cousas cos demais? Que cousas?
- Con que persoas?
- Hai persoas que che fan sentir mellor e che dan enerxía para facer cousas? Quen?

Despois de ver e analizar a imaxe, escoitade a seguinte peza musical:

<https://www.youtube.com/watch?v=InKk1aowFZ4>


Primeiro sen mirar o vídeo, soamente poñendo a orella.

- Que sensación vos da?
- Como vos sentides escoitando esta obra?
- Adiviñades que instrumento é?

Agora, mirade o vídeo.

- Que instrumento é ese? O piano!
- Que tal toca a pianista? Que vos parece?

A obra musical que escoitades foi escrita por un compositor (a persoa que escribe ou compón música) chamado Franz Liszt, que era este señor: →



A súa lingua era o alemán, e por iso o título da obra é un tanto raro: "Liebestraum".

Mais... sabedes que o que quere dicir é "Soño de amor"?

Para min, esta obra transmite moooito amor. Que opinades vos?

A CREAR!!

- Escoitade de novo a música de Liszt.
- Debuxade o que se vos pase pola cabeza.
- ☆ Podédesme enviar unha foto da vosa creación e despois colgala na fiestra, para que non se quede o voso traballo soamente na casa!

A INVESTIGAR!

- Con alguén da vosa familia, escoitade a peza.
- Preguntádelle que sensacións ou emocións lles transmite e comparádeas.
- Dádelles moito amor a todos e todas nestes días!!!

AMPLIACIÓN: O PIANO

- No vídeo, podedes ver que o piano que aparece ten algo dentro da enorme caixa. Ese algo son... CORDAS!
- Si! O piano é un instrumento de corda, como o violín, a guitarra, o guitalele... Pero en vez de ter as cordas ao aire, tenas metidas dentro da "caixa de resonancia".

Mais... E este piano?? Onde ten as cordas??

Porque, de verdade,
é un PIANO, pero de PAREDE!




A solución é esta:



As cordas están de arriba a abaixo, é dicir, en vertical, como a liña azul.

En cambio, no piano enorme, que se chama PIANO DE COLA, as cordas están dun lado ao outro, en horizontal, mirade de novo a liña azul:




REPASO ESCALA DE DO

Para rematar, gustaríame que debuxarades o teclado do piano.


O meu teclado quedou así, que vos parece?

- Debuxade 7 liñas finas




-Facede 5 liñas máis grosas nese lugar exacto.


- Cando o teñades, podemos poñer xa as notas musicais:



- Recordavos a algo? Se o poñemos noutra posición...
Parece unha escaleira!!



E a esa escaleira lle chamamos a "ESCALA MUSICAL".



Se queredes cantar un pouquiño as notas, aquí vos deixo a canción "DO, RE, MI".

<https://www.youtube.com/watch?v=vj4EcN-JxYs>